

Unha delegación do Fondo Galego perfila en Mozambique os novos proxectos de cooperación

Representantes da entidade e dos concellos de Nigrán, As Neves e Viveiro definen cos municipios do país lusófono as futuras liñas de colaboración

Pontevedra, 17 de outubro de 2024. Unha delegación do [Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade](#) chegou onte a Mozambique para **supervisar os proxectos alí apoiados**. O presidente da entidade e alcalde de Nigrán, Juan González; o tesoureiro e alcalde das Neves, José Manuel Alfonso, e mais a vogal e concelleira de Benestar Social en Viveiro, Lara Fernández, acompañados por unha responsable técnica, aproveitarán tamén para trazar as liñas de colaboración para os próximos anos no país lusófono. A misión político-técnica coincide co **Día Internacional para a Erradicación da Pobreza**, que se conmemora hoxe xoves e que nesta ocasión se alia co [ODS 16](#): Paz, xustiza e institucións sólidas.

A axenda de traballo deu comezo este mesmo mércores cunha xuntanza coa Asociación Nacional de Municipios de Mozambique (ANAMM), socio local en nove dos **24 proxectos de cooperación apoiados** polo Fondo Galego desde 2001 no país lusófono, que supuxeron un investimento de **máis de 535.000 euros**. Ademais de abordar os principais retos que afrontan os concellos mozambicanos, a reunión permitiu deliñar o proxecto que se desenvolverá a partir de 2025 para fortalecer as finanzas municipais nos municipios de Manhiça e Namaacha.

Xa pola tarde, a comitiva desprazouse a Katembe, nos arredores de Maputo, para coñecer o **centro de acollida de menores ‘Esperanza’** que, grazas aos 1.500 euros achegados polo Concello de Ames a través do Fondo Galego, se dotou dun galiñeiro e dunha horta cun triplo obxectivo: mellorar a alimentación da rapazada, ofrecerlle formación agropecuaria e vender os excedentes para sufragar as necesidades de alimentación, saúde e educación das e dos menores. Así mesmo, o equipo directivo solicitou financiamento para arranxarlles os cuartos.

No día de hoxe, a delegación do Fondo Galego desprazarase cara o norte ata o municipio de Nhamayabue, onde dedicarán a xornada de mañá a supervisar o proxecto de abastecemento de auga -que supuxo construír catro pozos co fin de evitar os ataques dos crocodilos ao achegarse ao río para encher os bidóns-, e mais a perfilar o **proxecto ‘Deporte e empoderamento’**. Esta iniciativa xorde do programa de cooperación técnica [Especialistas en Cooperar](#), que desde 2016 enviou xa unha decena de traballadoras e traballadores de deputacións e concellos socios do Fondo Galego a colaborar cos parceiros en Mozambique.

Un deles foi o técnico de deportes de Lousame, Néstor Romero, cuxa experiencia culmina agora cunha proposta para seguir fomentando a práctica deportiva entre a xente nova como alternativa de ocio saudable, pero aprofundando tamén no enfoque de xénero. Deste xeito, ademais de continuar formando ao profesorado e organizando competicións, promoverase a creación de equipos femininos e a educación sexual nos adestramentos, co fin de **reducir os embarazos adolescentes**, que afectan a 166 de cada 1.000 rapazas de entre 15 e 19 anos; mesmo se calcula que unha de cada dez nenas deu a luz antes dos 15 anos.

Ata o seu regreso, marcado para o 23 de outubro, as e os representantes do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade entrevistáranse aínda con outros concellos e entidades. Tal é o caso da Casa do Gaiato e a Fundação Encontro, coa que vén traballando desde hai case unha década para garantir os **dereitos da infancia no rural**, nomeadamente á saúde e á educación. Por outra banda, no municipio de Boane visitarán as **catro vivendas resilientes** construídas tras o paso de diversos ciclóns, cun investimento de 42.000 euros cofinanciado polo Fondo Galego e a Xunta de Galicia. Non hai que esquecer que Mozambique está considerado un dos países máis **vulnerables perante o cambio climático**.

A comitiva reunírase asemade cos alcaldes de Namaacha e Manhiça para abordar o proxecto de **xestión e sustentabilidade financeira** que se desenvolverá nos próximos catro anos, cunha subvención da Agencia Española de Cooperación Internacional al Desarrollo (AECID), achegada a través da Confederación de Fondos de Cooperación y Solidaridad. O primeiro paso será elaborar unha diagnose sobre o cobro de taxas municipais, para a partir de aí establecer recomendacións e ofrecer formación sobre os instrumentos a empregar, garantir unha recadación xusta e sensible ao xénero ou redactar as ordenanzas preceptivas. Este será un dos temas abordados na xuntanza final na oficina da propia **AECID** en Maputo.

Un dos países máis empobrecidos

Mozambique ten experimentado avances considerables desde os Acordos de Paz de 1992, pero o seu Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) segue a ser un dos máis baixos do planeta, ao ocupar o posto 183 entre os 193 contemplados. **A pobreza atinxe ao 74,5% da poboación**, especialmente as mulleres, mentres que a esperanza de vida se sitúa nos 60 anos. Os datos de alfabetización, mortalidade infantil e incidencia do VIH son tamén alarmantes. No entanto, trátase dun país cun gran potencial e existen iniciativas locais desde as que se loita cada día por reverter a situación, algunhas con colaboración internacional.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 113 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus

esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur Global e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional.

Recoñecido como axencia municipal da cooperación galega, o Fondo Galego vén de cumprir 27 anos tendo apoiado uns 200 proxectos en máis de trinta países e promovendo numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur e a Axenda 2030.

ÁREA DE COMUNICACIÓN

Carmen Novas 604 040 890

comunicacion@fondogalego.gal

